



ESTACIÓN VELLA



Estación Vella



As persoas estamos feitas para levar a cabo os proxectos máis fermosos





MAIO 2018 - CEP CAMPOLONGO NA ESCOLA

Na Ferrária 1º Premio en Coplas e 4º en Maio





**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



Sumario

<u>Artigos</u>	<u>Páxina</u>
Índice	1
ANPA	2
Estación Vella	3
Buscando Truvincos polo Gafos	4
Nadal	5-6
Xadrulo e Educación Vial	7
Pásate a Paz	8
Entroido	9-13
Contos de 3°C	14,17, 53
Día de Rosalía	15-16
Tivemos vistas	18
Gonzalo Moure e Palabras de Caramelo	19-20
Ledicia Costas con Escarlatina	21
Haikus	22
Recuncho Literario de 5ªA	23
Dálle a Lingua	24
As camelias dende outros prismas	25
MatematicArte	26
Tendal de Poemas	27-28
O meu libro preferido	29
Biografías e Entrevistas	30-32
Roteiro Castelao	33
Poesía con Maria Canosa	34
Persoeiros da Nosa Lingua	35-36
Poesía. A miña pequerrechiña	37
O Maio na Escola e na Ferraría	38-40
Letras Galegas	41-42
María Victoria Moreno	43-46
Colexios paralelos	47
Personaxes de Conto	48
Canta mentira	49
Conto. A moda de Karius e Yuno	50-51
CEP Campolongo, a un paso das estrelas	52
Deportes e outros enredos	54-57
Xadrez na Rúa	58-59
Trotacontos	60
Xogando cos sectores produtivos	61-63
Festa da ANPA	64
Sopa de Letras e Buscando códigos	65
Adeus Primaria	66
Orla	67



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura




Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia



edu | SAN XOSÉ
CEP Campolongo

ESTAMOS SATISFEITOS DE

A biblioteca do Centro MOLA



Arranxo do problema de frío no comedor esperamos se repoñan as vendas antes do inverno

A inclusión de algunhas actividades propostas por nais e pais

Agradecemos á xente que fixo un traballo de comunicación por whatsapp, tan importante

Plantamos



Por segundo ano consecutivo Papa Noel pasou por todas as clases do centro

Todas as actividades extraescolares

- BALLET
- BALONCESTO
- BALONMAN
- BREAK DANCE
- CIENCIA DIVERTIDA
- COCIÑA CREATIVA
- DEBUXO E PINTURA
- ECOPERCUSION
- FUTBOL
- FUTBOL SALA
- GUITARRA
- PISCINA
- ROBOTICA LEGO
- SURF
- TAEKWONDO
- TENIS

Familias seguen traballando na horta



Todas as festas celebradas en conxunto ca comisión de sexto

- MAGOSTO
- NADAL
- ENTROIDO
- SAN XOSÉ
- MAIOS
- CAMPOLONGO DI NON AO BULLING



O traballo en conxunto na actividade contra o bulling



Agradecemos ó Centro por facer reunións todos os titores.

Nosa intención foi tentar seguir achegando posturas, entre o colectivo de nais e pais, e o colectivo de docentes. Contribuir a xenerar unha comunidade que traballe na mesma dirección. Esta ANPA tratamos de poñer todas as mellores intencions no seu traballo, o ano que ven entrará xente nova, e estamos seguros, que o farán tan ben ou mellor ca nos (ese é o noso desexo).

Estación Vella

Este curso 2017-18 remata coa nova andaina do cambio de nome da revista escolar, de “Esperpento” a “**Estación Vella**”, xa van alá 36 números co antigo nome. Comeza a xeira co nº 37. A razón do cambio foi, primeiro porque o de Esperpento non nos dicía nada especial ós que agora estamos coordinando a revista, e segundo, e máis importante, porque para moitos de nós este, onde estamos agora, sempre foi o sitio da **estación do tren de Pontevedra**, a antiga “**Estación Vella**”, onde destacaban estas vías que vemos aquí nas imaxes, esas máquinas que pitaban ó chegar e saír, eses fumes das locomotoras, eses vagóns, ás veces interminables, cheos de carbón, madeira, e por suposto, moita xente viaxando para un lado e outro. Aproveitamos ó momento para contar un pouco máis a historia desta nosa entrañable estación, como vedes realmente, é un cambio nostáxico, onde continúan os “vagóns” subindo e baixando alumnos dende a escola infantil ó instituto.

Estación Vella 1884-1996



Chegada da primeira locomotora a Pontevedra na Praza de Galicia



Historia

Rehabilitación da Praza de Galicia en 1971



Praza de Galicia na actualidade



Coa construción da estación de ferrocarril en Pontevedra, que recibiu a súa primeira locomotora o **16 de Maio de 1884**, adecuouse un amplo espazo público enmarcado polo final das calles de Augusto González Besada, Andrés Muruais e Andrés Mellado, así como polo edificio da estación.

Este espazo apenas sufriu cambios ata 1969, momento no que se procede a demolición das instalacións ferroviarias, **abandonada dende 1966**, pola posta en servizo dunha nova terminal máis lonxe do centro urbano.

En 1971 realízase a primeira ampliación da praza aproveitando os terreos que deixa libres o antigo edificio da estación, e habilitanse marquesiñas para la parada de trolebuses.

Pouco despois realízase a urbanización da Avenida de Augusto García Sánchez sobre os terreos ocupados anteriormente polas vías férreas.

Finalmente, **na década nos noventa**, realízase unha reforma en profundidade na zona, tras desaparecer o servizo de trolebuses en 1989 e eliminarse o tendido aéreo asociado a este servizo. Coa reforma a praza duplica a súa superficie, invadindo terreos da Avenida Augusto García Sánchez, partíndoa literalmente en dous, e por primeira vez adopta xardíns, árbores, unha ampla fonte central e sendas peonís, limitando a circulación rodada ao seu perímetro.

Buscando Truvincos polo Ghafos



Os de 6º saímos de marcha até o Muíño de Cabanas. Polo camiño vimos algunha carballeira, algún souto, os muíños do Coto e de Cabanas e a súa longa canle. Aproveitando o paseo atopamos algúns dos Truvincos que se agochan por estes lares.



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega





N
A
D
A
L



5ºA

Tarxetas gañadoras





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Enredamos co Nadal




A palabra máis votada do ano



A Palabra do Ano 2017

afouteza

PALABRAS GALEGAS MÁIS VOTADAS DO ANO 2017 CEP CAMPOLONGO				
Nadal 22	Amizade 12	Afouteza 6	Lóstrego 4	Aperta 4
Agarimo 19	Bolboreta 10	Golfiño 6	Teimudo 4	Fariña 4
Estrela 17	Can - 9	Gaiola 5	Luscofusco 4	Esquío 4
Parrulo 15	Independencia 7	Xoaniña 5	Coello 4	Bico 3
Agasallo 13	Axóuxere 7	Solidaridade 5	Seca 4	Estoxo 3
Sapoconcho 13	Panxoliña 6	Ardora 5	Serpe 4	Braña 4



No Nadal todo o mundo vai celebrar.

Celebram a chegada dos Reis Magos e pola camiño caen nun lago.





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura




Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Xadrulo, mascota de xadrez



Xadrulo

Paula Ayude, gañadora dos concursos



1º Premio Concurso de Educación Vial en Pontevedra



XOGANDO Ó XADREZ POLO NADAL

DÍAS: DO 4 Ó 15 DE DECEMBRO 2017

HORA: NOS RECREOS

LUGAR: PATIO CUBERTO

PARTICIPANTES: TODOS OS QUE QUEIRAN XOGAR E APRENDER



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO





Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Non á tristeza
 Non á dor
 Non á usura
 Non á envexa
 Non á incultura
 Non á violencia
 Non á inxustiza
 Non á guerra
 Si á PAZ
 Si á alegría
 Si á amizade



POEMA
 Ó NON
GLORIA
FUERTES



Neste curso no DENEP homenaxeamos a Gloria Fuertes. Aparte de recitar o [poema en Yogote](#), tamén disfrutamos coa música e baile do grupo de Educación Especial Juan XXIII.



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO




Equipos de Dinamización da Lingua Galega



RECEITAS DO ENTROIDO



Marco 2ºA



SALCHICHAS DE ENTROIDO


INGREDIENTES:

- ✓ 12 Salchichas
- ✓ 1 lámina de q&uot;bado
- ✓ 1 Colmeada de késhup
- ✓ 1 Colmeada de aceite / 40 ovos negros, de oliveira
- ✓ 2 Aves

PREPARACIÓN:

- ✓ Estiran unha cinta de maso ata que quede case transparente.
- ✓ Cortan cada salchicha pola metade.
- ✓ Batez un ovoiro e pincelan con el a cinta.
- ✓ Envólven os mitades de salchicha e faecellos a carne.
- ✓ Baceas de novo e farenas durante 15 minutos a 180°C. Usa papel vegetal.
- ✓ Un ovo cocido, az oliveira negros e o késhup faelle a cara.

Fillos



Ingredientes:

- o 1/2 l de caldo de carne ou polo.
- o 1/2 l de leite.
- o 500gr de farina.
- o 6 ovos.
- o 250 gr de azucre.
- o Unha chisca de sal.
- o Un onco de touciúo.

Pechas

Elaboración

Nun recipiente batemos a farina, os ovos e a sal. Despois engadimos o leite e o caldo pouco a pouco ata formar unha pasta fina. Deixamos repousar. Ponemos a técala ao lume, unténdola con touciúo. Botamos unha méxima cantidade de pasta para que queden finas. Unha vez feitas as fillos, énchense con mal, nata, ... Tamén poden comerse soas con azucre e canela.

Manuel Cortegoso 4ºB

ORELLAS DO ENTROIDO

INGREDIENTES:


- 250 gr de farina
- 50 gr de manteiga, azucre.
- Esencia de anés.
- auga tibia.
- unha pizca de sal.
- Tres ovos.
- Rasaadura dun limén
- Acete para freir.

PREPARACIÓN:

Nun bol batemos os ovos, anés, manteiga, azucre, sal, rasaadura dun limén e esencia de anés.

Mesclamos coa farina todas as ingredientes e deixamos repousar unha hora.

Por último esturamos a masa co rodillo e as fritamos no aceite.



Alexandre 2úA

BI CA GALEGA

Ingredientes:


- 3 ovos
- 300 gr de azucre
- 300 grs de farina
- 150 grs de manteiga de vaca
- Rasaadura de limén
- 200 ml de nata líquida
- 1 sobre de levadura royal
- Azucre glass

Preparación:

- * Batir os ovos co azucre hasta que quede unha masa ben espumosa, anénd a manteiga derretida e fina, a nata e a rasaadura de limén.
- * Mesclar a farina coa levadura e tamén co azucre.
- * Espadir a masa anterior e bato moi ben.
- * Verter nun molde untado con manteiga e pan rasado e farenar a 180°C durante 45 minutos.
- * Ao sacalo, esporear con azucre glass.

E por último... A comer!!!

BO PROVEITO!!



Alba 5ºA

ENTROIDO

Os menos e nenas de 2ºB do colexio Campolongo
¡momenos disfrazar
polas rúas de Pontevedra,
baillaremos sen parar



O noso bar Vader Miguel
come moito mel



O noso astronauta, Jacobo
escaçou un ovo.



A nosa rainha, Cristina
goberna unha mira



O noso soldado imperial Bruno
vai a clases de sumo.

O noso ninja Andrés Fernández,
leitou con mais de dez.

A nosa india Lula
salta á pata coxa pola aula



O noso samuraí Darío,
vai montado nunha barca pola rúa



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



O noso Jedi Andrés García,
vai comer unha sandía.

A nosa lady Bug, Carlota
salee coidar dunha marmota.

A nosa dragoa Suri
fabruca lume con curru

A nosa fada Tala,
ten de mascota un Koala.

O noso pirata, Antón
come un xesado de limón.

A nosa dama antiga, Camela,
está posada nunha estrela.



O noso soldado imperial Nicolás
vai montado nun globo de gas.

O noso pallaso Yell
fai un truco con papel.

A nosa fada, Marcina
ten unha cerna chamada Lina



O noso Batman Dylan
arrestou un gorila

A nosa tral, Greta
destrúe un planeta



O noso vampiro, Yeray,
quere moito ao seu pai.



O noso rapeiro Pedro
ten un traxe moi feo

A nosa arquieira Antía,
tem moita valentía.



Á nosa policía, Esther,
gústalle moito ler.

A nosa princesa Elisa,
ten unha curma chamada Morisa

O noso indio Manuel
pasea en cabalo polo Courel

O noso soldado imperial Marco
caiu por un barbaño



Así, todos xuntos,
bailando sen parar
pasaremos un Entroido
fantástico e fenomenal.



2º B



Este ano os alumnos de 2ºA estivemos investigando sobre os seres vivos: cal é a alimentación dos diferentes animais, a súa reprodución e cal é a diferenza entre vertebrados e invertebrados. Outros preferiron investigar as plantas: tipos que hai, diferenza entre folla perenne e caduca e que necesitan para vivir.

En ciencias sociais, entre outras cousas, traballamos sobre a nosa cidade, Pontevedra. Aprendemos a diferenza entre localidade e municipio e buscamos as parroquias que o forman. Tamén investigamos sobre as nosas prazas, parques, o mercado... E dende este traballo... aínda nos gusta máis Pontevedra!!!

Por último, un xogo... quen é quen??? No Samaín fixemos estas divertidas caretas... xa que ademais de aprender, tamén tivemos tempo para pasalo ben!!!





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



As meigas

As curandeiras son esas mulleres tamén coñecidas por outros nomes segundo a especialización ou as artes que usen: merceñeiras, compoñedoras, sabias....

Os seus coñecementos son herdados da tradición e aplican remedios de diversos tipos para curar doenzas con herbas, apócemas, oracións, ensalmos ou imposicións de obxectos ou mans. Ás veces chámanse, bruxas, meigas, feticheiras... porque usan malas artes

para facer dano ou incluso matar. E aínda habería un ~~tercero~~ tipo no que encadraríamos a adiviñas, cartuxeiras, pitonisas e vedoiras, as que poden "ver" por diversos medios a situación de xente afastada, e tamén o pasado e o futuro

Mariola 3°C

Día de Rosalía de Castro



O 24 de febreiro, Día de Rosalía de Castro recitamos algúns dos seus poemas de diferentes formas. Na Etiqueta [Rosalía](#) do blog “Ghafos” poderás escoitar as melodías nos vídeos que aquí che presentamos.



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura





Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



RAP DO POEMA 24 DE CANTARES GALIEGOS "Queridiña dos meus ollos"



△▽- 10

«Quixente tanto, meniña,
 tivénche tan grande amor,
 que para min eras lúa,
 branca aurora e craro sol;
 augua limpa en fresca fonte,
 rosa do xardín de Dios,
 alentiño do meu peito,
 vida do meu corazón».
 Así che falín un día
 camiño de San Lois,
 todo oprimido de angustia,
 todo ardente de pasión,
 mentras que ti me escoitabas
 depinicoando unha frol,
 porque eu non vise os teus ollos
 que refrexaban traiciós.
 Dempois que si me dixeches,
 en proba de teu amor
 décheme un caraveliño
 que gardín no corazón.
 ¡Negro caravel maldito,
 que me fireu de dolor!
 Mais a pasar polo río,
 ¡o caravel afondou!...
 Tan bo camiño ti leves
 como o caravel levou.





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia




• Dúas ducias de cocos: Trasnó
O trasno é o meirande tunante que
existe no mundo imaxinario
galego, equivalente ao chamado
"duende" en castelán. Ten moitos
nomes (perete, perello, trasgo, tardo,
pesadelo...), sabe moitos dis-
fraces, remexe nas potas, lava
o cu no leite... Case non
hai casa en Galicia que
non teña un, cando menos
un, trasno


Celia 3º C



TIVEMOS VISITAS!!





GONZALO MOURE



Os homes serios do ceo cos seus chisqueiros acenden, cando a noite esténdese, farolitos de xeo.



M^a ANTONIA GARCÍA QUESADA



Que sucede cando un globo sobe ao ceo?

A realidade pódese ver desde distintos ángulos e iso fainos aprecia de forma diferente.



LEDICIA COSTAS



En Galicia temos unha tradición importantísima tanto arredor do mundo da morte como arredor da cociña. A miña intención era xuntar ambos os dous elementos e sempre dende o humor, o humor macabro.



Biblioteca

OS/AS ALUMNOS/AS DE 4º DE PRIMARIA ENTREVISTAN A GONZALO MOURE, AUTOR DO LIBRO "PALABRAS DE CAMELO".



“A todos vós que sempre soñastes con escribir, dígovos unha cousa: escribide do que vedes, escribide do que coñezades, do que teñades cerca. Despois poñédelle toda a fantasía e imaxinación que queirades.

O importante é atopar algo que contar.

Falemos de todo isto. Falemos dos libros, de vós, de Palabras de Caramelo... Non estaría aquí se non estivese disposto a abrir

o meu corazón de par en par, para que poidades sentir que o meu corazón non é distinto do voso, só máis vello. Imos facer un só corazón porque lestes o libro que dunha maneira máis fonda escribín nunca”.

Gonzalo Moure

Campolongo, 8 de febreiro de 2018

- **En que te inspiraches para poñer a Caramelo como modelo a seguir por Kori, neste libro?**
- Oxalá todos poideramos escoitar a un camelo, a un lobo, a un cabalo, falándonos da natureza. Realmente este podería ser un libro sobre ecoloxía onde Caramelo sempre fala das cousas que coñece: da herba fresca, da vida dos camelos, dos pastos, das estrelas, da auga... Tal vez me inspirou que eu nesa época tiña cabalos, e eles ensináronme a sentir a natureza dunha maneira determinada, amosándome unha visión dela que eu ignoraba. Eso foi o que me levou a poñer a Caramelo como modelo a seguir, para que el nos falase da natureza.
- **Canto tempo che levou argallar esta historia?**
- Pois aínda que outros libros me soen levar meses, semanas ou incluso anos, este só me levou unha hora, porque cando Fatimetsu (a nena xorda á que adico o libro) me dixo que ela estaba segura de que o cameliño lle falaba e que quería que eu o traducise, pensei, nese mesmo intre, que tiña diante unha historia marabillosa.



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



- **No libro demostras ter un gran coñecemento da cultura saharauí. Como chegaches a saber tanto sobre este pobo?**

- Fun alí a primeira vez hai 21 anos. Fíxeno porque coñecín a unha nena saharauí que estaba acollida na casa dun amigo, na que non lle faltaba de nada (tiña piscina, pista de tenis, cabalos, etc), sin embargo, ela estaba sempre desexando voltar ao Sahara. Eu non entendía por que, por iso decidín ir alí para resolver ese misterio.

E pouco a pouco funme quedando no Sahara. Paso alí parte do ano, construindo bibliotecas, dando charlas, escribindo libros, etc.

Dende que vou alí convertínme nun Gonzalo distinto.

- **De todo o que coñeces do pobo saharauí, que é o que máis che chama a atención?**

- Pois a valoración que teñen do amor. Deime de conta alí de que nós somos ricos en cousas (tv, tablet, coche,...), pero fáltanos algo que alí sobra, que é o amor. Vivenno con moitísima máis intensidade (o irmán, a nai, o pai, o amigo, o fillo), o cariño é moito máis intenso.

- **Colaboras con algunha ONG para axudar ao pobo saharauí?**

- Cunha organización que se chama Bubisher, que leva o nome dun paxariño branco e negro que cando se pousa enriba dunha haima presaxia boas novas, igual ca nós que somos motivo de ledicia cando chegamos alí cargados de libros e material variado para traballar coas nenas e nenos nas súas escolas.

- **Como te sentes cando fas que os teus protagonistas vivan episodios dramáticos, como cando sacrifican a Caramelo?**

- Non me sinto triste. Síntome devastado. Poucas veces sentín tanto ter que escribir algo, pero cando o escribín deime de conta de que como estaba tan encariñado con Caramelo, podería facer trampa e deixar que se salvase. Sen embargo, iso non era verdade, e non vos podería mirar aos ollos mentíndovos. Escribinno chorando a gritos, non quería escribilo, pero non tiña máis remedio que contar a verdade.

Se alguén de vós o pasou mal lendo o libro, eu dígovos: mira ... pásase mal porque a vida é apaixonante, divertida, guapa, pero tamén a vida é dura e imprevisible.

Os libros teñen que ser moi respectuosos coa verdade.

- **Que consello lle darías a unha nena ou neno que queira adicarse a escribir?**

- Que ande cos ollos, os oídos e o corazón moi abertos, que vexa e escoite a vida e que a reflexe nos libros.

Despois deste intercambio amigable e motivador, o autor despídese facéndonos un adiamento do proxecto que agora ten entre mans, que é escribir un libro, cargado de sentimento, que trata sobre as conversas que lle gustaría ter mantido coa súa nai, xa falecida, e sobre as apertas que lle gustaría terlle dado.



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega





Ledicia Costas

O día 24 de maio os alumnos e alumnas de 5º tivemos unha experiencia xornal, xa que non todos os días coñecemos a unha das autoras dos teus libros favoritos, visitamos a escritora Ledicia Costas!

Aínda que chegou un pouco de retraso, entrou falándonos do pasado que era o XPS, porque fíxolle estar dando voltas á unha rotunda en Pontevedra antes de chegar ao colexio.

Foi moi divertido cando nos contou que na Wikipedia poñía que nacera no 7.720 e que era adegadeira de videoxogos e experta en Minecraft. O seu libro máis lido con diferenza foi "Escarlatina, a coñeíra defunta"; que aínda que foi o primeiro libro que escribiu sobre era nena, é a segunda parte. Contounos que a súa idea para crear "Esmeraldina, a pequena defunta" é dicir, Escarlatina antes de morrer, foi nun instituto onde varios nenos e nenas preguntáronlle onde vivía Escarlatina, que facían os seus pais... Ao final, ela decatouse de que os nenos a que querían saber era cousas sobre Escarlatina antes de que morrera. Eixéronlle moitas preguntas. Sobre Escarlatina dixéronos que buscou na internet enfermidades de nenos no século XIX; sobre Lady Horreur, que a elixiu como compañeira de Escarlatina porque é o insecto que máis moxe lle dá. Explícanos que a ela encántalle as historias de medo, os vampiros, os esqueletos, os mortos e tamén que lle gusta comer beer, por iso ela inspirouse nos mortos e na gastronomía para escribir o libro. Contounos que o primeiro libro que publicou foi "Unha estrela no vento", pero tamén falou doutros libros como "Os arquivos secretos de Escarlatina" e "A señorita Bubble". Para rematar, asinamos os libros que tiñamos cunha dedicatoria; aos que levamos "Escarlatina, a coñeíra defunta", púxonos un selo de Escarlatina e Lady Horreur. Pasámo-lo xornal! Héctor / Alba / Saúl / Guille / Ana / Jacobe



5º B



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



HAIKUS DE 6ºD

OS HAIKUS


Vese tan linda a flor en primavera, chea de cores.



María A. D

HAIKU


HAI UN CAMIÑO, CON CENTOS DE PEGADAS, CHEO DE VIDA.




Hugo S. G.

HAIKU


Na noite alba seguida das estrelas como relucel



Antón D. M. (6ºD)




AS FLORES NACEN
OS PAMPULLOS AIREN
CANDO ESPERTAS TI



Alicia J. D.

HAIKU


Unha nube branca como papel percorre o ceo



Adrián L.I.

HAIKUS

Os coellos
As pincadeiras saltan
no mencer




HAIKU

Vexo o mar,
demasiado grande,
entre a nebloa



haiku

O son das ondas
un concerto ten lugar
no fondo do mar





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Poema con



As palabras
saltan
saltan, nadan, cantan...
saltan na casa
saltan para amar!
Nas altas cascadas
as palabras cantan,
danzan ata a mañá...
cansas van á cama!
Freddy

Despois de ler a Manuel M^a, María Canosa,
Elvira Riveiro ... nós escribimos:

A chapa

Na miña camisa
eu teño unha chapa,
de cor rosada
e moi redondeada.

RECUNCHO LITERARIO DE 5º A



Póñoa na roupa
póñoa na mochila,
para acordarme
dunha cousiña...

Se fai calor,
póñoa na camisa,
se vai frío,
póñoa no abrigo
e se estou ben
lévoa comigo.
Pablo

O bolígrafo

Regaláronme un bolígrafo
para escribir historias
e tamén poderei
contar as miñas memorias.



Falarei da miña clase
e dos meus amigos
que son fermosos, elegantes
e téñolles moito cariño.

Por último narrarei
os meus soños
todo o que desexo facer
e que aínda non viron os meus ollos.

Emma

O sombreiro

Teño un sombreiro
cuberto de flores,
de copa moi fina
con raias de cores!

Póñoa a todas horas
de noite e de día,
e se fai moito vento
el me protexía!

Púxeno o outro día
para ir nun barco,
case sae voando
e dame un infarto!

Regaloumo a miña avoa
polo meu cumpreanos,
foi o agasallo máis bonito
que tiven, en moitos anos!
Hasna



Outono

O outono é frío
as rúas molladas.
É tempo de
atoparse coas fadas!
Xa é outono e
no recreo
sempre caen follas.,
O patio cheo!
As follas no chan
borran os camiños,
e os paxaros con tempo
van facendo os niños.

Natalia



Outono

Cores cálidas
follas no río
Benvido outono!
empeza o frío.
Encende a fogueira
imos asar castañas
gardadas no faiado.
Coidado hai arañas!
Un trasno pillín,
durme debaixo da figueira
e se ten fame
colle peras na pereira.



Noa



Dálle á Lingua con Onda Cero Radio

Este ano a nosa colaboración co programa foi con 10 sesións coa seguinte temática:

“ALGUNHAS DAS GRANDES MULLERES A TER EN CONTA”.

- 1º - M^a Vasco Gallardo / Nadia Comaneci / Tamara Echegoyen (Lauras, Antía/Sara/Miguel) (2.20)
- 2º - Irene González (Manuel 5°C) – 2.35
- 3º - M^a ÁUREA- Gaiteira (Jimena-5°C)- 2.25
- 4º - M^a Luz Morales (Xornalista) (Inés 5°C) (60”) e Marilyn Monroe (50 “)
- 5º - CONCEPCIÓN ARENAL (Carlota-5°D). 1.30 + Ángeles Alvariño (Oceanógrafa. 1.15)
- 6ª e 7 º e 8ª A SESIÓN: 5ª A - 5ªA: MULLERES DE CONTO - 1.26” / 1.17 / 1.14 / 1.37
- 9- Carolina Martín (Lucía, Catalina e Carlota-5D) – 1.15 / Exéria (Marta 5°C)
- 10ª Grandes Mulleres Científicas (Pedro e Ana)



Maria Vasco Gallardo: É unha exatleta española especialista en probas de marcha atlética. Foi medalla de bronce nos Xogos Olímpicos de Sidny no ano 2000, nos 20km marcha.

Nadia Comaneci: ximnasta que conquistou nove medallas olímpicas das cales cinco foron de ouro.

TAMARA ECHEGOYEN DOMINGUEZ: Regatista de vela Foi campioa de Europa en 2000 e 2004 e campioa do mundo en 2001, 2002 e 2005, da clase Vaurien.

Ángeles Alvariño,

a gran oceanógrafa



Irene González: UNHA MULLER PIONEIRA □NUN MUNDO DE HOMES. Guarda-meta de fútbol. Non existe constancia en todo o mundo doutra muller que fose futbolista nunha época tan temperá como a década de 1920 do século XX


María Áurea: O seu nome é María Aurea Rodríguez. Áurea é a primeira muller gaiteira que se coñece. Seguramente houbo moitas outras, pero delas nada se sabe, e de Aurea temos documentación. ...

MARIA LUZ MORALES

A PRIMEIRA DIRECTORA DUN XORNAL



Carolina María Marín Martín



EXERIA

A PRIMEIRA CRONISTA DE VIAXES DA HISTORIA




CONCEPCIÓN ARENAL PONTE (1820-1893)

Nace en Ferrol debido a que o seu pai era militar e estaba destinado en Galicia

Transcorre a súa infancia en Cantabria dende os 9 aos 15 anos e despois vaise a vivir en Madrid.

Cando queda viuva volve a Cantabria cos seus fillos e no ano 1893 xa anciá, morre en Vigo onde vivía co seu fillo.



MARILYN MONROE





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



A camelia dende outros PRISMAS






Figuras planas



MatematicArte

Rectas paralelas, secantes e perpendiculares



Simetrías





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



A poesía está nos ríos, no parque, na rúa, nos xogos, no campo, no recreo...

As nenas e nenos de 4ºA fixemos un traballo para aprender a descubrila e apreciála.

Sacamos o noso lado creativo e deseñamos roupa cargada de ritmo. Como non podíamos encher as rúas da cidade coas nosas creacións, fixemos na clase un tendal, para sacar a poesía dos libros e *aireala ao sol*.





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia




Tendal



de
poemas





EXPOSICIÓN: O MEU LIBRO PREFERIDO



"Hai libros absolutamente diferentes a calquera outro, que son tan distintos que non hai un compartimento no que clasificalos.



Os libros fan grande o máis pequeno.

Hai libros que forman parte das nosas vidas



Aproveita esta ocasión para descubrir algo diferente ao que normalmente leas.



É tanto o que significa para ti ler e os libros que non podes gardarlo.



Comparte a túa paixón por un autor determinado e comparte un dos seus libros coa xente á túa ao redor.




Biblioteca

Biografías e Entrevistas

O meu avó paterno Jesús, naceu o 15 de xullo de 1943 na aldea de Nigueiroa, concello de Rairiz de Veiga, Ourense. É o maior de dous irmáns. O seu pai chamábase Constantino e a súa nai Felicidad. Traballaban no campo e servindo nas casas das familias importantes.

Foi a unha escola unitaria dos 5 aos 12 anos. Empregaba como material escolar a enciclopedia, que era para todo o período escolar, un pequeno encerado individual e libretas nas que escribía con pluma e tinteiro. Abandonou a escola para axudar á economía familiar. Foi aprender o oficio **de carpinteiro**. Facía traballos nas aldeas dos arredores ás que se desprazaba a pé. Traballaba de sol a sol e necesitaba máis dunha hora para chegar á obra e outra para voltar, levando as ferramentas ás costas. Entre as ferramentas máis importantes es-



taban as machadas, o serrón, o tronzador e a serra, todas manuais. Facía estruturas para tellados, faixados, sobrados, trabes, portas, ventás, carros de vacas e cabalos, arados, etc.

Foi dúas campañas á seitura a Castela con 12 anos no 1955 e 1956. Emigrou a Francia no 1962 con 19 anos, para traballar na industria da metalurxia en París e despois na construción de edificios. Volveu dous anos máis tarde, no 1964.

Casou no 1966 con 23 anos. Tivo dous fillos nados no 1968 e 1969. No resto da súa vida laboral dedicouse á agricultura e gandería. Unha produción para autoconsumo e venda de excedentes dalgúns produtos como leite, tenreiros, patacas, herba seca, etc. Todos os anos na tempada estival saía a mallar o cereal dos veciños das aldeas dos arredores, nun radio de 20 Km, para gañar cartos. Primeiro empregou unha malladora movida cun motor a gas; máis tarde con motor eléctrico; e por último, accionada polo tractor.

No 1975, con 32 anos viviu o final da ditadura e a transición á democracia. Tivo dous netos: un naceu no 1996 e outro no 2003; e dúas netas que naceron nos anos 2004 e 2006.

Iria Castillo Lourenzo 6°C



A miña avoa materna chámase Milagros Navazas

Fernández. Naceu o 24 de Abril de 1.946, nunha familia adicada a gandería e agricultura. Ten tres irmáns, sendo ela a máis pequena. Sendo unha nena xa axudaba a levantala casa todo o que podía, mesmo as veces non ía á escola para poder axudar. Cando era mocíña gustáballe moito ir as festas do pobo a bailar. Cando tiña vinte anos emigrou a Alemaña e alí aprendeu alemán e casou co avó. Tiveron tres fillos sendo a maior a miña nai, que naceu en Alemaña. Cando miña nai tiña doce anos voltaron a Galicia cos aforros e abriron un restaurante, por iso a miña avoa cociña moi ben.

Natalia Portela Dieste 6°C

O meu avó Manuel Fernández Buján (Manolo) naceu o 23 de xaneiro de 1937 (81 anos) en Carballeda (Lalín). Era unha aldea moi pequena, con só 30 veciños. A casa onde vivía era pequena e estaba separada das outras.

A súa infancia foi sacrificada e con moito cariño dos seus pais. Naqueles tempos, acostumaba xogar cos irmáns e cos veciños. O único xoguete que tiña era unha pelota. Vestía con roupa normal pola semana e con roupa reservada os domingos. Adoitaba camiñar descalzo. Tiña un sobrenome, chamábanlle “O Torres”. Toda a súa xuventude viviu en Carballeda. Dedicábase a cultivar as fincas, atender o muiño da familia e tamén traballaba nunha canteira. Naqueles tempos tiña dous amigos: Alfredo e Manolo.

Marchou de casa porque tivo que ir a “mili” e despois traballou de Garda Civil.

Casou en Muimenta (Lalín), aos 26 anos con Ángeles, a miña avoa. Despois tivo 2 fillos e máis tarde 4 netos. Hoxe en día está xubilado, orgulloso da súa familia.

Un dos acontecementos históricos que viviu foi a instauración da democracia, sentiu alegría.


O meu avó é o mellor do mundo, ten unha vida impresionante. Parece incríbel que só con 13 anos xa traballara de muiñeiro, canteiro e agricultor.

Polo San Ramón, festa da aldea, reunímonos todos os curmáns e a familia de Lalín en Carballeda. Gústame moito xa que é un pobo moi pequeno e podes ir onde ti queiras sen perigo. Ademais seguen conservando a casa, que xa está moi vella pero me encanta ver a cociña, o forno, as habitacións e moitas cousas máis que se conservan de antes; por exemplo, un tear, que o usaba a miña bisavoa Manuela, que é unha xoia do tecido.

Ese é un dos meus días favoritos do ano.

Rocío Fernández Luque 6ºC

Entrevista a Yago Aspas



Celta de Vigo

1. Por que escolliches este deporte?

Porque o vía e gustábame moito.

2. Como te sentiches ao marcar o teu primeiro gol?

Con moita alegría, eufórico

3. Cántanos unha anécdota da túa carreira.

Sinceramente non me acordo de ningunha.

4. Cales son os teus mellores amigos o equipo?

Todos, non sería capaz de dicir un só.

5. Momento preferido da túa carreira?

Cando debutei con España.

6. Que farás despois?

Cando me retire quero ser presidente do Celta.

7. Onde vives?

En Moaña, na calle Rosalía De Castro

8. Houbo algunha influencia na túa carreira? Quen foi?

Si, o meu irmán Jonathan.

9. Como te sentiches no teu debut coa selección?

Foi o mellor momento da miña carreira.

10. Que te fixo dicir ir ao Liverpool?

Quería probar novas experiencias.

11. Cantos anos tes?

Teño 32 anos

Iker e Irene 6ºC

Entrevistamos a Carlos García



1- Cantos anos tes e onde naciches?

- Teño 30 anos e nacín en Carballo (A Coruña)

2- Hai canto tempo que xogas ó balonmán?

Hai 22 anos

3- Xogaches a algún outro deporte? Se é así, cal foi?

- Si, fixen natación e tamén andei moito na bicicleta. Fixen

varios pero o que máis me gustou foi o balonmán.

4. Por que decidiches xogar ó balonmán?

Porque no colexio o profesor de E. Física que tiñamos era adestrador

do Xiria Balonmán e convenceume pouco a pouco, rematei indo ós 7/8 anos e aquí estamos.

5. En que posto soes xogar?

De extremo esquerdo

6. Cal foi a túa primeira competición e cantos anos tiñas?

Supoño que sería en benxamín con 8 anos. A verdade é que xa non me lembro, é que xa vou un pouco vello.

7- Poderías contarnos algunha anécdota como deportista?

Teño moitísimas porque sempre ía coa selección galega tiñamos un grupo de amigos moi bo e sempre o pasamos moi ben,

tanto xogando fóra dapista como dentro

8. Cal foi a túa lesión máis grave?

Tiven varias, rompín a tibia, o peroné e o ombreiro. Esta última foi a peor.

9- Quen é o teu ídolo no deporte?

Valentino Rossi. Non en que ver co balonmán pero é que sempre me gustaron as motos, e a nivel balonmán, Juanín García.

10- Cal é o teu deporte favorito sen contar co

balonmán?

Aínda que me gustan todos, o preferido é o motociclismo.

11. Tes algún outro oficio?

Oficio non, xa rematei a carreira, fixen un ciclo e agora estou facendo un mestrado.

12. Adestaches algunha vez a un equipo de base?

Si, sempre . Con 18 anos xa adestraba a pequenos, adestrei ós do Cisne e agora ós de aquí (Teucro)

13- Gustouche esta entrevista?

Pois si, a verdade que moito. Foi algo diferente e ademais que ma fixeran dúas cativas moi guapas.





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Roteiro Castelao

Brasa das Emce Ruías

Brasa da Teucra

Brasa da Pazneira

Brasa da Verdura

Brasa da Leña

Cara da Lux

Igrexa de San Bartolomé

Rúa da Illiza

Brasa da Ferrería

Café Moderno

Monumento de Castelao

Teatros Principal

Museo de Etnohistoria

Reactorau proxectos encenográficos


Vixiu nesta rúa no número 1 e nesta casa escribiu e dibuxa parte da súa obra.

No Roteiro Castelao parecino moi leño. Aprendimos moitas cousas importantes sobre a vida de Castelao, coñecemos os lugares onde traballou, vixiu, fixo obras de teatro e tamén onde se divertía.

Vimos dúas esculturas onde aparece Castelao, nunha delas Castelao fai unha tertulia política cos seus amigos, en outra aparece el no 0 guía diximos que esta última escultura tiña unha áncora que daba nome a Castelao, pero como a cambiaron moitas veces de lugar, agora se áncora xa non está.

Eaí pintos ilustrados literata gravados dramaturgo político

Nicolás Quiñones Suárez
5º B





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Poesía con María Canosa



Nubes

As nubes do ceo
semellában de algodón
cando o sol se oculta
van en formación.




Haias brancas
haias negras,
poden ser felices
ou tamén tristes.

Todas cheas de report
con faveiros moi gachentosos,
algunhas son moi delgadas,
outras puzen ser grazas.

Aquela de alí creaba
dificilmente de princesa,
pero esta da esquerda
parece mariposa.

Vousois cantando
moi amadurece,
pédomo na conta
por vant de camiño.

Hovon xuntas, po
pero estis separadas,
cando vén o sol
quedan espalladas.



Anoite de San Xoán
unha cunha de berberechos
e outra de mexillóns
fixeron lume na praia
e cantaron ao redor.

Banderas chamuscas altas
na noite de San Xoán
para espantar as meigas
da terra, do ceo, do mar.

Exeron unha festa
con chourizos e ensalada
patatas fritas e peixe
e tamén carne estufada.

Invitáron a carangueiros,
os cabaliños de mar e os aéreas,
os percebos dos ríos,
as antolías e os necoros.

Xantaron todos xuntos,
bailaron coas estrobas,
xogaron coas ondas
alredor de aros.



De sobremesa comeron
chocolate e nata,
a festa alongouse
ben entrada a alba.



Percebos



Pler Santiago 5ºB



A buxaina

Baile arredor
da punta do pé,
faiña ao dextra
e tamén ao esquerda.


É de madeira,
está feita de lousa,
xina moi acifra
como un aturuxo.

Baile co son da música,
na cabesa un nomenclina
e namora nun lição
coa punta de cesiro.

Este xogo tem forma,
da buxaina lixeira,
é un baile rápido,
como a da muineira.

Dá un pequeno lince,
cando o valle do bice,
quede mirando no cham,
ou baile na meu regaxa.

Cando está conra,
de xiron e xiron,
cae cara un lado,
e ponha a descormar.



Jurene

O caderno

Regaláronme un caderno
coas follas son letras
para que escribas nel
palestras en ringleiras.




Cadernón meuas páxinas
unha chea de historias
de bruxas e meigas
cativas e miasas.

Contarás aventuras
dun montón peixeiro
que viaxou polo monte
entre o vento moxeiro.

Tamén falarás
de montes e pededos
de ríos e mares
de amigos feiteiros.

Rincorás co meu lapis
deluxor e ucaldas
milleiros de contos
e algunha lenda.

Na última follas
potarás un final
que remate ben
e nada soa mal.



5ºB



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Persoeiros da Nosa Lingua

<p>Rosalía de Castro (L. Galegas 1963)</p>  <p>André</p>	<p>Isene</p>  <p>Alfonso R. Castelao (L. Galegas 1964)</p>	<p>Eduardo Pondal (L. Galegas 1965)</p>  <p>Zaira</p>	<p>Luis Enríquez (L. Galegas 1967)</p>  <p>Paula</p>
<p>Ramón Xaleanillas (L. Galegas 1976)</p>  <p>Saúl F. A.</p>	<p>Manuel Antonio (L. Galegas 1979)</p>  <p>Nicolás M.</p>	<p>Vicente Risco (L. Galegas 1981)</p>  <p>Jacobo</p>	<p>Francisca Garrido (L. Galegas 1987)</p>  <p>Rubén</p>
<p>Otero Pedrayo (L. Galegas 1988)</p>  <p>Alciana</p>	<p>Mamel</p>  <p>Celso Emilio Ferreiro L. Galegas 1989</p>	<p>Alvaro Cunqueiro (L. Galegas 1993)</p>  <p>Alexandra</p>	<p>Blanca Amor (L. Galegas 1993)</p>  <p>Mateo</p>
<p>Xosé Ferrn Couso (L. Galegas 1996)</p>  <p>Carmen</p>	<p>Anxel Fole (L. Galegas 1997)</p>  <p>Viciana</p>	<p>Manuel Murguía (L. Galegas 2000)</p>  <p>Enrique</p>	<p>Xoquín Lorenzo (L. Galegas 2004)</p>  <p>Ribe</p>

5º B



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Persoeiros da Nosa Lingua





Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



A MIÑA PEQUERRECHIÑA

**Chegou unha tardiña
a mediados de maio,
o pai colleuna
e quedou namorado.**

**A cariña redonda
o corpo rosado,
as mans apretadas,
os pés agochados.**

**Naceu a nena fermosa
á súa nai semellaba,
estaba leda coa súa estrela
non facía máis que bicala.**

**Durme a nena doce
envolta en soños calmos,
durme todo o rato
sente que a amamos.**

**O seu nome é fermoso
fala do amencer,
trae luz ao día
e ganas de querer.**

**Quedei namorada de Alba
non sei como explicalo,
para min é toda ledicia
o meu sono deseado.**

SOFÍA MONTES DE OCA 6º A



MORRIÑA DE VERÁN

**Non teño que madrugar
o “cole” rematou,
chegou o verán
fai moita calor.**

**Neste verán
o tempo é moi bo
vou á praia
e poño o bañador.**



**Gústame o bo tempo
adoro que faga sol,
énchome de xeados
de chocolate e limón.**

**No verán vou ao campo
e á praia en bañador
no mar nado moito
e doume chapuzóns.**



BRAIS AMOEDO FERNÁNDEZ 6º A



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



O Maio na Escola e na Ferraría



Maio CEP Campolongo Ferraria 2018



COPLAS DA ESCOLA

1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo	Festa da Ferraría-1º de Maio
Xa chegou a primavera Con calores e chuvascos Soleada e borraqueira Con paraugas e atascos	Pontevedra xa recicla Toca agora compostar Moitos son os que non queren Composteiros no portal	Do colexio Campolongo Vimos todos a esta festa Somos un grupo de nenos Cunha chea de protestas	Somos os de Campolongo Os da antiga estación Onde se agochou o río Como se fora un ladrón
Os cativos do colexio Con sorrisos e cantares Saudamos este maio Con claves e malabares	Con este cambio de hora Seica imos aforrar Deitámonos sempre tarde Como custa madrugar	Laticrar da nosa escola É falar do pavillón Descuberto e con pozas E pingueiras un montón	Este ano caen chuzos E fervezas a cachón Pasou Ana, pasou Hugo E tamén o Puigdemón
Rematamos o traballo E imos todos ó patio A comer o bocadillo E xogar un bo anaco	Con Leticia e Sofía Loce o morbo de Palacio Moitos celos e desaires Aceleran o epitafio	Os rapaces deste mundo Estamos apesarados Temos o clima demente E queimados os eirados	Se queres ter mestrado Faiate amiga de Cifuentes Contarache as manobras Para levar sobresalientes
			Rematamos despedindo Esta festa brincadeira Ensalmo da nosa lingua Tradición e sementeira

MAIO 2018





Benquerida Pontevedra
exultante e primorosa
amosamos este maio
de feitura ben garbosa

Con cartuchos e camelias
pampullos e margaridas
decoramos no fiúncho
esta alfaia ben lucida

Non faltaron as laranxas
nin ovos e caraveis
buscando as máis bonitas
chegamos preto de Meis

Somos os de Campolongo
os da antiga Estación
onde se agochou o río
como se fora un ladrón

Cantaremos como sempre
falando da actualidade
tiraremos dos arroutos
das nosas autoridades

Comezamos pola lingua
dos galegos o dosel
elixir da nosa terra
Pergamiño de Vindel

Segue a pique nas sondaxes
suscita certa amargura
loitaremos polo cambio
para darlle unha fervura

Latricar da nosa escola
é falar do pavillón
descuberto e con pozas
e pingueiras un montón

Estamos a matinar
nalgunha exhibición
de piragüismo ou remo
ou clases de Natación



Que aproveite o Concello
a reforma da Piscina
conectando do colexio
tubarias de auga fría

Seguimos na capital
falando da Celulosa
xera cartos nos equipos
sae sempre fachendosa

Non se busca unha saída
saudábel e ecolóxica
déitase todo no ría
escóllese a máis tóxica

Vertendo moito ciscallo
o río Gafos colabora
aceites con deterxentes
e botes da lavadora

Na confluencia co Pintos
puxeron unha arqueta
cando chove a caldeiros
sae frasca en metralleta

Con vontade e decisión
ordénase a reciclaxe
non sabemos o gafume
do calor na compostaxe

No Nadal a luminaria
foi murmuro principal
cachondeouse Ravachol
foi rexouba en Carnaval

Daba mágoa en Pontevedra
pasear na Ferraría
nas rúas de Campolongo
o Natal non existía

Fai baixar a produción
a avespa velutina
da castaña e do mel
esta nespra asasina



Imposible controlar
co abandono do rural
e co lume do eucalipto
todos van á capital

Citaron non invasora
a árbore da Celulosa
culparon ós científicos
de intencións dúbidasas

Con xistras e sarabiada
Campolongo chapodaron
se sumamos o picudo
moitas árbores finaron

Tivo en Reis un agasallo
do Concello o Presidente
non entende que hai rúas
de golpistas no presente

Despreciou a Rosalía
nun discurso militar
quere a Salvador Moreno
un golpista popular

No currículo nacional
remexeron na bandeira
obxectivo primordial
que a bique España enteira

Porase como modelo
o fervor e a paixón
dos rexos lexionarios
cando van de procesión

Cando poñas dous pendóns
co tamaño ten coidado
o máis grande o español
ou serás ben sancionado

Para a letra do himno
no baremo popular
vai gañando por goleada
a de Manolo Escobar



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Teno cru Marta Sánchez
con tremendo aspirante
o retrouso Viva España
ten honores de almirante

O himno dos lexionarios
fala do noivo da morte
cántase con moito ardor
nos ministerios da corte

Coa folga da Xustiza
non contaban os da Xunta
piden medios e salarios
cunha xornada máis xusta

Levan xa dende febreiro
recruando as posicións
ferven xuíces e fiscais
coas mesmas intencións

Este ano caen chuzos
hai fervenzas a cachón
pasou Ana, pasou Hugo
e tamén o Puigdemón

Abrollaron como fungos
moitos casos de censura
letras, cadros e viñetas
non entran na ferradura

Subleváronse os rapeiros
desafiando á xustiza
“Os Borbóns son uns ladróns”
canta a letra pegadiza

Deles algúns estalaron
ó carón desta porfia
foi o caso de “Fariña”
o marisco dunha ría.

Fala o libro de tabaco
e dos narcotraficantes
que costeaban as campañas
dos políticos moinantes

Pasou o mesmo con ARCO
cos cadros da exposición
había presos nos lenzos
de variadas coleccións

Para controlar o xuízo
aplican a Lei Mordaza
mandan todo ó Supremo
xa non hai veda da caza

Para endereitar o barco
do fervor nacionalista
o cento cincuenta e cinco
barrena como un dentista

Abanea os parlamentos
anestesia á oposición
manipula as noticias
da vulgar televisión

O Bará fende nas fotos
como se fora un canteiro
non lle cabe na cabeza
tanto preso no caldeiro

Confiscan o indumento
que non sexa españolista
requisan o amarelo
e a bandeira galeguista

Complicado é entender
polas urnas ter un preso
andar libre por Europa
e que aquí te deixen teso

Suman centos de millóns
o patrimonio dos Franco
ou donabas o Meirás
ou voabas nun barranco

Para os mortos das cunetas
de orzamento nin un can
rescátanse autoestradas
e os bancos do seu clan

Anda de capa caída
a nosa Universidade
pagan soldos miserables
agriden a dignidade

Se queres ter un mestrado
faite amiga da Cifuentes
contarache as manobras
para levar sobresalientes

Bule o chiste popular
dos exames pendentes
dende agora levarán
de nota “Moi Decifuyente”

Agroman as áugas turbias
nesta nosa monarquía
exabruptos, latrocinios
cambalean noite e día

Con Leticia e Sofía
loce o morbo de Palacio
moitos celos e desaires
levedan un epitafio

Cataluña e Cifuentes
desgoverno e corrupción
esta España está na UCI
procurando a salvación

Xa sabemos onde estaban
as armas de destrución
campan hoxe pola Síria
provocando indignación

Rematamos estas coplas
non serán as derradeiras
troulearemos outro ano
recitando brincadeiras

Consumamos con loubanza
esta bela tradición
ensalmo da nosa lingua
sementeira da nación



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Letras Galegas 2018



LETRA DA CANCIÓN—BAILE

Escritora e Literatura en 2018

será a figura das Letras.

A 4ª muller en ter este recoñecemento, ademais de novelas e copntos escribiu obras de ensaio, colaborou en libros de texto, esta é María Victoria .

Unha muller pioneira que ademais ten o seu propio lema, é María Victoria Moreno.

Benvidos ás Letras Galegas con Mª Victoria Moreno, MªVictoria, escritora de literatura.


2018 será a figura das Letras Galegas.

A cuarta muller en levar este recoñecemento.



Jimena, Inés, Carla, Rebeca e Ivana 5°C

Bailando a Muiñeira



Coa axuda de Carmen, compañeira de prácticas, fixemos 18 rodas bailando todos a muiñeira que nos ensinou



María Victoria Moreno




Foi nada un **1 de maio de 1939** na provincia de **Cáceres**, cando aínda semellaban asubiar as últimas balas da Guerra Civil. A vida non era sinxela máis non hai obstáculo que a loita e gusto polo saber non poida esquivar coma cabalo que salta obstáculos. Estudou francés, catalán, e filoloxía románica, colaborando tamén coa ONCE lendo para invidentes.

Foi en **1963 cando chegou a Galicia** e onde, coma un barco que chega por fin a porto, ficaría namorada da súa lingua e cultura.

Mestra das que ademais de ensinar inspiran, deu clase de literatura en diversos puntos de Galicia. No colexio temos dúas das súas alumnas que vos poden falar dela. Sabedes quen

son?



Eran tempos de ventos, chuvia, tempestades e treboadas, eran tempos de franquismo, malia todo ela continuaba a **férrea defensa da lingua galega** escribindo e impartindo cursos que chegan a pechar algunha porta dun portazo ao serlle retirado o pasaporte. **A súa paixón polas letras**, e polas galegas en concreto, fai que de seguida comece a súa labor escritora nesta lingua destacando as ondas que coma nunha marea viva enchen o baleiro da literatura infantil coa obra **“Mar adiante”**.

Comprometida cunha literatura de calidade para a infancia e xuventude ensina o castigo que reciben os déspotas a través dunha fábula dun fachendoso galo e as galiñas e pitiños que termina por ser un alegato a liberdade do vento na obra **“O cataventos”**



Este compromiso coa terra, a lingua, a xente e a infancia perdura ao longo da súa vida. Compromiso ideolóxico e loita persoal que non cesan aínda cando o cancro de mama entra coma un golpe de látego na súa vida. **A batalla contra a enfermidade** relátala con mestría no seu **“Diario da luz e a sombra”**

É este cancro de mama o que remata coa súa vida en novembro de 2005, ela fina deixando un importante legado literario así coma un exemplo de loita persoal e ideolóxico que nestas Letras Galegas lembramos.

Unha das **homenaxes que lle fai a cidade de Pontevedra** é a de por o seu nome nunha das súas grandes rúas, agora a noutrora Fernández Villarde pasa a ser **“María Victoria Moreno”**.

Na ditadura non se ensinaba a lingua galega nin moito menos en galego, mais María Victoria Moreno dedicaba parte das clases de Literatura española dos venres a ensinar literatura galega, a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego.

“Por isto penso que **a situación do galego non se pode ver con indiferenza**. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala.” MV. Moreno

“A verdade é que esta vida é unha cousa estraña ... Dá éxitos ós que queren amor, dá amor ós que queren diñeiro, dá diñeiro ós que queren comprensión ... E dá todo cando menos se espera, mesmo cando as mans xa non teñen azos para recibilo. Con todo, qué bonita é a vida ... “ Diario da luz e a sombra

“A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia



Afeccións: pasear amodo, cociñar, a música, os cans e as flores. Amaba a beleza da paisaxe, da vida, das persoas e das palabras.

Brétema, A- Obra escrita por M^a Victoria Moreno: Na aldea de Vilaxeada vive a señora Minia Senín, unha entrañabel velliña que devece polos aloumiños e agarimo das persoas que viven ao seu carón. A señora Minia está tan triste que non pode parar de chorar, mais axudada polo seu amigo o sol, a súa sorte vai mudar...

Compañeiros- José Luis Llácer, valenciano e invidente ao que coñeceu na ONCE en Madrid, onde M^a Victoria colaboraba facendo traducións e co que casou ao acabar a carreira en 1963. Trasládáronse a Pontevedra no mesmo ano do licenciamento, pois Llácer fora contratado como profesor no colexio Santiago Apóstolo da ONCE desta cidade, do que chegaría a ser director. Pedro Ferriol, compañeiro durante os seus últimos anos.

Defensora da literatura infantil e xuvenil.

Encantadora de palabras e gran amante dos libros.

Frase: *A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor.*



Galego- idioma que aprendeu: ... penso que a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala.

E que ensinou: María Victoria dedicaba parte das clases de literatura española dos venres a ensinar literatura galega, a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego. O seu compromiso coa lingua expresouse tamén nos cursos de galego organizados pola asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, nos que participou desde 1972, dirixidos a mestras, mestres e persoas que non tiveran a posibilidade de estudar a nosa lingua.

Homenaxe: este libro é unha pequena homenaxe que lle queremos facer toda a clase (5^ºA do C.E.P. Campolongo) xa que Victoria, a súa neta, estudou con nós varios anos e a profe e algunha das nosas nais tiveron a sorte de ser dos seus "cachorros" no IES Valle Inclán.

IES- Institutos nos que deu clase en Galicia: Lugo, Sanxenxo, Valle-Inclán e Torrente Ballester.

ABECEDARIO de M^a Victoria Moreno












Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Letras Galegas- Este ano o Día das Letras Galegas adicárase a M^a Victoria Moreno, convertíndose na cuarta muller que recibe este recoñecemento.

Mar adiante- Con esta primeira novela súa convértese nunha das voces pioneiras da narración en galego destinada ao público máis novo; e tamén é pioneira en introducir nenas protagonistas.

Novembro- Mes no que morre M^a Victoria, o día 22 do ano 2005.

meninos- Tivo dous meniños. En 1975 o matrimonio completou o proceso de adopción dos seus fillos, Begoña e Carlos Alberto, que iniciaran dous anos antes.

Obra- En galego

Literatura infantil-xuvenil

Mar adiante, Sada, 1973 // *A festa no faiado*, Vigo, Galaxia, 1983 // *A brétema*, 1985 // *Leonardo e os fontaneiros*, 1986 // *Anagnórise*, 1988 // *O cataventos*, 1989. // *¿Un cachiño de bica?*, 1994 // *¿E haberá tirón de orellas?*, 1997

Guedellas de seda e liño, 1999 // *Eu conto, ti cantas*, 2005, // *O amor e as palabras*

Ensaio

As linguas de España, 1991 // *Verso e prosa*, Santiago, 1991 // *Diario da luz e a sombra*, 2004 // *E a lúa que baila...*, 2018

Narrativa

Querida avoa, 1992

Poesía

Elexías de luz, 2006

Traducións

Mecanoscrito da segunda orixe (*Mecanoscrit del segon origen*, 1974), de Manuel de Pedrolo, 1989.

Pontevedra- Cidade da que se enamora para sempre pola súa beleza e a suavidade do clima.

Querida avoa- Obra colectiva

"Lerías" con *As desventuras do home-can* / Pepe Carballude ; *A, se cadra*, verdadeira historia do Basecus Anxeliño Viltroteira / Páco Martín.

Reflexión- sincera e valente a que fai sobre os efectos do cancro de mama, na súa obra "Diario da luz e a sombra".

Sempre, sempre a porta aberta á túa obra!!

Tradutora do "Mecanoscrit del segon origen" de Manuel de Pedrolo.

Unha muller de conto!!

Valencia de Alcántara- Pobo de Cáceres onde naceu o 1 de maio de 1939.

Xubílose no IES Torrente Ballester, ao que deixou en herdanza a súa biblioteca persoal.

Zodiaco- Tauro

5º A



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



María Victoria naceu o 1 de maio de 1939 en Valencia de Alcántara (Cáceres).

O seu pai, Vicente, era militar; a súa nai, Sara, mestra de primaria.

Tivo tres irmáns: Sara, Antonio e Rafael. A súa infancia pasouna entre Badaxoz, Sepúlveda e Barcelona.

Fixo o bacharelato en Barcelona, onde aprendeu a falar catalán e francés, e sobre todo descubriu a literatura, lendo por vez primeira o Quixote.

Estudou Filoloxía Románica en Madrid. Alí coñeceu a Luís Llácer, invidente, co que casaría e iría vivir, en 1963, a Pontevedra por ser el contratado no Colexio da ONCE.

En Pontevedra traballou en dous institutos: o «Valle Inclán» e o «Torrente Ballester».

Ao coñecer a nosa literatura e o noso idioma decidiu falar en galego e defender o seu uso nas aula.

En 1973, Edicións do Castro publicalle «Mar adiante» o seu primeiro libro en galego.

En 1975 o matrimonio completou o proceso de adopción dos seus fillos, Begoña e Carlos, que iniciaran dous anos antes.

En 1979 gaña o 1º premio do Concurso Nacional de Contos Infantís «O facho», co seu conto «O cataventos».

Co seu libro «Leonardo e os Fontaneiros» acadou o 3º premio do Concurso de Literatura Infantil «O Barco de Vapor», no ano 1986.

Este libro considerábase María Victoria como o seu preferido.

En 1988 publica «Anagnórise», considerado o seu mellor libro e que se converteu nun clásico da Literatura Xuvenil galega.

Foi homenaxeada por libeiros e compañeiros, polo seu labor como escritora e defensora do idioma galego e da súa literatura.

«Eu conto, ti cantas...», editado en 2005, é o último libro que María Victoria viu publicado en vida.

Reúne tres contos de animais escritos en verso: «Xa non teño medo», «Can branco, can negro» e «¿Un cachifo de bica?».

Finou na cidade de Pontevedra o 22 de novembro de 2005, á idade de 66 anos.

LETRAS GALEGAS 2018
MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ
5º B

“COLEXIOS PARALELOS”

Diario de Lúa, unha nena Siria

22 de febreiro de 2018



A miña casa acaba de ser derruída polos combates bélicos. Esta vez tiveron moita sorte porque non morreu ningún membro da miña familia nin sufrimos ningún dano. Pero eu xa quedara cunha eiva nunha perna nun combate deses, aínda que iso non me impide ir á escola, xogar cos meus amigos ao fútbol, ao baloncesto, etc. Hoxe non fun á escola por medo da guerra pero todos os días vou e estudo alí, xa que na miña casa non temos electricidade. Cada día camiño 10 km para chegar ao colexio e por iso me teño que levantar moi cedo. Os días coma hoxe cóstame estudar, e moitas veces non entendo o que me explican e na miña casa non me poden axudar porque non saben nin ler ni escribir e por iso hai días que non poden facer as tarefas da casa. Tampouco, por mor da guerra, poderei xogar hoxe coas miñas amigas ao balón coma de costume, pois, ter unha perna soa, non me impide xogar como os demais.

23 de febreiro de 2018

Hoxe xa temos todo preparado para partir cara Europa. Collemos unha patera a miña familia e máis eu pola noite. Teño medo chegar a outro país e non entender o idioma ou ser mal recibida, con ofensas á miña relixión e vestimenta por ser musulmana.

26 de febreiro de 2018

Segundo a miña nai chegamos hoxe a España. Mañán toca de mirar o colexio no que me van a matricular. Estou contenta pero con moito medo e intranquila.

27 de febreiro de 2018

Hoxe fun ao colexio no que me vou a matricular. Non o podía crer, puiden ver que cada neno tiña o seu propio libro e o seu material escolar. Tamén había mesas e sillas para todo o alumnado e encerados grandes e un aparello que enfocaba cara unha pantalla, que non sei que é pero que saberei moi pronto para que serve. Foron moitas emocións xuntas. Hai moitos mestres nese colexio pero non fun capaz de entender ben o que me dixeron, terei que afacerme pronto co idioma. O colexio doume todo o material necesario. Estou tan feliz que non se me saca o sorriso dos beizos. Sei que non terei moitos amigos de momento pero por fin temos unha vivenda e non haberá máis días nos que leve o estómago baleiro para o leito. A miña felicidade é inmensa xa que por fin poderei levar unha vida digna.

MARISA ARAMBURU BASANTE 6º A

PERSONAXES DE CONTO

Un trasiño dormilón
que sempre leva un balón.



Un esqueleto feo e repugnante
cunha mirada penetrante.



Unha bolboreta voadeira
que quería ser exploradora.



Un mortífero vampiro
con dentes de crocodilo.




Unha pega que comía
caramelos todo o día.



Un enorme elefante
que sempre vai moi elegante



Un vello camaleón
que baila charleston



Alumnos e alumnas de 5º D

CANTA MENTIRA!

Polo mar abaixo
vai un xabarin,
montado en patinete
quere chegar a Marín.




Na miña vida tal vin,
o mundo vai do revés:
peras con orellas,
pexegos con pés.



O carballo da cabazas;
o piñeiro, ameixas;
a maceira da horta
está cargada de cereixas.



Sementei na miña horta,
sementes de cabazas
e nacéronme melocotóns
recheos de patacas.



Alumnos e alumnas de 5º D



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



CONTO : A moda de Karius e Yuno

Érase unha vez unha tribo chamada «Os Mokokus», vivían nos árbores, en casas feitas de bólas de madeira de 2 a 8 metros. Eran uns 400 e entre eles 400 encontrábase Yuno e Karius.

Os Mokokus vestían pelis de animais de cor verde e marrón. Pero Yuno e o seu irmán Karius vestían a moda: lookback e pelis punky e roupas negras e violetas, pero non esqueceron o xeito da tribo que se chamaba fincos e ordenou as súas expresións durante o resto da súa vida. Resumindo: botouros da tribo dentro pódese ver os portos costumes diferentes.

Yuno e o seu irmán tiveron que vivir na ladeira dunha montaña, pero cando quixeron construír a súa vivenda se lles caía abaixo. Entón foron a un bosque a construír unha nova casa coma a antiga.

Decidiron ir buscar comida. O que non sabían era que neste bosque Africano había leóns. Un deles abicou a Karius, e cando fuxía rompeuse unha perna.

- Karius!!! berrou Yuno, para protexer o seu irmán lanzouse contra o león, cunha afiada pedra. O león, doído, fuxiu.

Non sabían que facer, pero neste momento, apareceu un cazador

- Quem rodez?

Somos dous menos, podemos axudar?

- Ben, axudareixos. Vinde a miña tenda de campaña.

Karius e Xuno foron a Tenda do cazador. Alí encontraron outros cazadores e un montón de escopetas.

Mentres lle cubaban a piro a Karius, os cazadores preguntáronles que facían aquí e que os mokolus non eran desta zona e cousas dese tipo. Xuno contároulles que os deturaron.

Pedíronlles se podían devolverlos á tribo, os cazadores aceptaron e trasladaron os menos a un metro da aldea. Os menos volveron coa intención de pedirlle a Eincos que os admitise...

pero... Sorpresa! Cando chegaron todo o pobo vestía como eles. Dixéronlles que era a moda. Total que non tiveron problemas en volver ser admitidos. Eim.

Autores:

Rodrigo Felix

Ángel Laurido

Daniel Méndez

Eliu Budiño

Aldán Rubido

5º D



O CEP CAMPOLONGO, A UN PASO DAS ESTRELAS



O pasado 21 de maio, celebrouse no centro CEP Campolongo, unha actividade de iniciación á astronomía dirixida ao alumnado de 6º de primaria. Esta actividade foi impartida por un mestre e investigador do Observatorio Astronómico “Ramón Aller” de Santiago de Compostela, que se desprazou ata o colexio para achegarlle ao alumnado uns coñecementos máis explícitos sobre a astronomía e para facer unha observación astronómica a través dun potente telescopio.

A primeira sesión consistiu nunha pequena introdución á astronomía e , en particular ao Sistema Solar , formación e tipos de estrelas ,que se desenrolou no salón de actos do centro.

A segunda foi unha sesión de observación nocturna onde o alumnado, acompañados de pais e mestres, puideron desfrutar dunhas visións fantásticas e únicas, coma a Lúa , Xúpiter e os seus tres satélites e tamén estrelas dobres.

En definitiva, foi unha magnífica xornada astronómica gratuíta vivida polo alumnado de sexto curso ,o cal foi partícipe dunha fermosa experiencia.

AS HISTORIAS DE PLUTÓN...



Nun recuncho da Vía Láctea atopábase o Sistema Solar. O planeta máis pequeno deste sistema chamábase Plutón e todos os días tiña que soportar as burlas dos seus veciños, porque os demais planetas non aceptaban a Plutón coma un planeta semellante a eles. Deste xeito o pequeno Plutón andaba sempre coa cabeza baixa, deprimido e sen amor á vida ata que...

Un día antes do seu aniversario, Plutón decidiu darlles invitacións tamén aos outros planetas para facerse amigos . Os planetas aceptaron a invitación e foron á festa . O gran día chegara e planetas , asteroides , planetas ananos e demais reuníronse no lugar da festa . Pasárono moi ben , comeron, beberon, xogaron, bailaron ata se cansar...Pero case ao final da festa , Xúpiter acendeu a televisión onde estaban a falar no telexornal e no que daban o titular de “ Plutón, pasa de planeta a ser planeta anano”. Entón os planetas comezaron a escacharse de risa e Plutón comezou a chorar. O que parecía que ía ser unha gran festa convertérase nun amargo día para Plutón. Esta mágoa que levaba dentro Plutón reflexábase no seu rostro e foi captada por outro planeta anano que se compadeceu del e o convidou a vivir con el para sempre. A cara de felicidade de Plutón era inmensa e dende aquel día foi a vivir cos planetas ananos e nunca máis se volveron a rir del.



Organización das Nacións
Unidas para a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro
Escola
Asociada
UNESCO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



O Ovo

No courel (Lugo) saben distinguir os ovos dos que nacerán galiñas dos que nacerán galos.

Cando as galiñas choquean (deixan de poner) déitanse no niño e incuban os ovos que se lle poñan debaixo dos que, se están galeados, nacerán pitos e pitas ao cabo de 21 días. Para que deses ovos nazan pitos ou pitas, segundo as preferencias e necesidades da casa, a xente distinguía uns ovos doutros de maneiras.

Así, dos máis redondos nacerán machos e dos máis feitiños, femias.

Outras técnicas consisten en mirar o ovo ao transluz, preferentemente coa luz do sol; se lle ven dous embrións será femia, mentres que cando teñen un só embrión situado nun dos lados do ovo, nacerá galo.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Fase Final Gallega

TUI
Sábado 14 de ABRIL
a partir de las 10:00 horas
pabellón del IES San PAIO,

Organizan:
Club Bádminton TUI y Fed. Gallega de Bádminton



Zaira con Manu Brea, o estradense número 1 do ranking nacional

ALINEACIÓN PARTIDO Nº: 1

CCI	Ceip Campolongo 2
FEMENINO 1	SABECA BACTAR
FEMENINO 2	ACDARA ORTEGA
MASCULINO 1	J. LUIS PENIDE
MASCULINO 2	ALDÁN RUBIDO
DOBLES	PENIDE/SABECA

Firma:

ALINEACIÓN PARTIDO Nº:

	Ceip Campolongo 1
	PAULA AYUOE
FEMENINO 2	ANTIA SOBRAO
MASCULINO 1	MARTÍN NISTAR
MASCULINO 2	ANDRÉ ORTEGA
DOBLES	NISTAR / ORTEGA

Firma:



Grupo A	Grupo B	Equipos	1	2	3	4	5
1	CB TUI	1º Tui Ceip Nº 2		5-0	1-4	2-3	3-2
2	CB PONTEVEDRA	3. Ceip Campolongo	0-5		2-3	0-5	2-3
3	CB TUI	3º Tui Ceip Nº 2	4-1	3-2		0-5	1-4
4	CB VIGO	2º Vigo Colegio Estudio	3-2	5-0	5-0		4-1
5	CB PONTEVEDRA	1. Ceip Campolongo	2-3	3-2	4-1	1-4	

Clasificación	Ptos	Nº	Juegos	Puntos
1º Vigo Colegio Estudio	4	4	4-0	17-3
2º Tui Ceip Nº 2	2	4	2-2	11-9
3º Pontevedra Ceip Campolongo	2	4	2-2	10-10
4º Tui Ceip Nº 2	2	4	2-2	8-12
5º Pontevedra Ceip Campolongo	0	4	0-4	4-16

Dous de tres equipos da escola chegaron a Fase Final Galega de Bádminton en Tui, despois de xogar na Estrada e clasificarse. Para ser a primeira vez que se participa os resultados foron excelentes xa que houbo tripla empate no segundo posto e tivo que decidirse por golaveraxe. Os dous primeiros xogaron as finais do Campionato Galego.

Educación Física

Os alumnos de 6º B dan a benvida ás "Guerreiras de Ouro"

O mércores 21 de marzo, o Concello de Pontevedra celebrou un acto de benvida ao equipo da selección española de waterpolo, que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

Como representantes do noso colexio fomos os alumnos de 6º B, e conseguimos facer unha foto coa capitana do equipo, Pilar Peña!!!!



As "Guerreiras de Ouro", alcumo co que se coñece á selección española de waterpolo feminina, convertéronse nunha das maiores potencias do mundo deste deporte, tras conquistar no último lustro, a medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Londres 2012 e proclamarse campioas de Europa en 2014 e subcampioas do mundo en 2017.



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Responde nos ocos ás preguntas de cada un dos puntos do percorrido (con letra clara ou en MAIÚSCULAS):

- **Punto 1:** A quen vai dedicada esta escultura? En qué ano foi o seu primeiro centenario?
- **Punto 2:** En qué data aparece marcada en números romanos en esa escultura? Como se chamaba antigamente esta praza?
- **Punto 3:** Cantas saídas de auga ten a fonte onde te atopas? Como se chama o asador que hai na esquina da praza?
- **Punto 4:** Cal é o nome da praza onde vos atopades agora?. Como se chama o colexio que hai na esquina da praza?
- **Punto 5:** Como se chamaba antigamente a praza na que vos atopades? Cantos botóns ten na chaqueta a estatua do famoso escritor que hai nesta praza?
- **Punto 6:** Qué leva como calzado a señora da escultura? Qué edificio atopamos fronte da escultura?
- **Punto 7:** Como se chama a igrexa que estades observando? Cantas columnas cilíndricas ten a igrexa na súa fachada?
- **Punto 8:** Na fonte que vos atopades agora, cantas saídas de auga ten, e de que figuras sae? Que historiador viviu nunha das casas próximas?
- **Punto 9:** Cal é o nome da praza? Cantas saídas peonís de parking presenta esta praza?
- **Punto 10:** Cal é o nome da praza?. Cantas figuras de nenos hai e que están facendo?

Nome do grupo: _____ Min. saída: _____ Min. chegada: _____



Es quen de facer **Orientación** ? Responde a estas preguntas camiñando por Pontevedra con algún amig@ e coa axuda do mapa que tes debaixo. O alumnado de 5º xa o fixo. cos monitores do ciclo TAFAD do IES Sánchez Cantón e co colexio Froebel. Proba a facelo, xa verás que divertido.

Educación Física



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Xornada de futsal6 (3ºC e 4ºB)




Durante este curso o alumnado de 3º e 4ºB, desprazámonos para asistir a unhas xornadas de futsal6 con coles de Pontevedra. Pasámolo xenial e coñecemos novos amigos practicando Educación Física.

INICIO DA CARREIRA DE ORIENTACIÓN



Celebramos as Letras Galegas 2018 adicado a "María Victoria Moreno".
Fixemos unha CARREIRA DE ORIENTACIÓN co alumnado de 1º, 2º, 3º e 4ºB. Pasámolo xenial buscando as diferentes pistas nas balizas marcadas.





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Xadrez Na Rúa, Deporte e Solidaridade

O venres 25 de maio, os meus compañeiros de 5º e eu, fomos a unha actividade chamada "Xadrez na rúa" organizada polo Concello. Fíxose na praza de España, ata onde fomos andando dende a nosa escola. Había unha carpa branca con mesas, cadeiras e taboeiros de xadrez. Nela xogamos con outros rapaces e rapazas doutros colexios como a Xunqueira, San José, Vidal Portela...

Segundo íamos entrando buscábamos nunha caixa 1 kilo de alimentos non perecedeiros que levamos voluntariamente para as persoas que non teñen a nosa sorte. Antes de comezar as partidas un home falounos de ACNUR, unha asociación que axuda á xente dun campo de refuxiados en Xordania.

Comenzamos as partidas. Cando todos os meus compañeiros, incluso eu, gañamos a primeira partida. Despois cambiámonos de paneles dúas veces máis. Todos o paramos moi ben, entúsemonos cando dúas horas.

O mellor de toda era o ambiente, a xente agarrámonos e a los compañeiros, porque cando alguén non sabía xogar axudáballos uns a outros.

Cando rematou, sacamos unha foto todos os colexios xuntos. Despois, todos os de 5º, sacamos unha foto no Monumento aos heróes de Entença.

Pola nosa participación déronnos una medalla. Cando chegamos ao colexio sacamos outra foto con elas. Gustábonos moito esta experiencia, porque foi moi divertida e pasámonos xeral.


Sofía

Viviana

Nicolás

André

5º B





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Trotacontos













O pompullo é igual de amarelo que as estrelas das do ceo.



Os alumnos de 6º B propoñémosche un xogo. Observa os nosos debuxos, identifican algunhas das actividades de cada sector económico. Pon o número corresponde da actividade en cada imaxe.

SECTOR PRIMARIO

- 1- Gandaría 2- Pesca 3- Piscicultura
4- Minería 5- Agricultura 6- Silvicultura





Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura



Membro Escola Asociada UNESCO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



SECTOR SECUNDARIO

- 1- Artesanía.
- 2- Industria.
- 3- Transformación da enerxía.
- 4- Construción.



Pedro



Sara




Aldara



Violeta



Marta




Beatriz



Gabriel



Gisela



Alex

SECTOR TERCARIO

1- Comercio


2- Distribución

3- Servizos para cidadáns.


4- Administración Pública.




Gabriel



Ángel




Breixo




Mario




Sara



Marcos



V. Ramón



Nora



Festa da ANPA



A ANPA deleitounos con unha gran festa, case de fin de curso, onde cunha grande “pintada” decorouse unha das paredes do pavillón. Xunto cun gran programa de actividades, nós aproveitamos a festa para entregar os trofeos de “Debuxos e Coplas do Maio” e os de “Debuxos do Xadrez na Rúa”.

Sopas de Letras

Paxaros do Río Gafos

J C U R U X A J V B E O O A
 Y A Q Q Q J Y C A R R I Z A
 Y P A P O R R O I B O A F N
 E E A U F O L O S A Q Q L U
 G A I I O E S T O R N I Ñ O
 E R A L A V A N D E I R A M
 B I L U R I C O U H E U Z A
 O C O R V O Y O C J Z E U J
 E G H E C A R D E A L I I T
 F E R R E I R I Ñ O P R A S
 A N D U R I Ñ A B U B E L A
 E S T R E L I Ñ A S N S H U
 A Z U L E N T A T D W C Z F
 E S C R I B E N T A I N Q A


C I R R I O G P J C P S Z Y W P
 M O U C H O C E G B I O X J W E
 P A R D A L X T T E M Z A H N G
 D A C O U U F O Y A P O M V K A
 H A S F Y A A Y S U Í R H A G P
 P A P U X A Y C F J N W H U L L
 Y Y U E E N A X I R Í N R A I V
 V E R D E I R O L O O X Q A H X
 P I C A F O L L A S L E P I R Í
 M M V E J I M Q R M L P R I O L
 N E G U E L I R U G J I F F X G
 Q R A K A L Ñ A L I E F O C A A
 M R B K D F A R A Z A I Y I Z R
 D O I C S Q T H S B A U K P S O
 U E Á A U R O U S I N O L C U L
 O D N I W Q Q T Z B A P C G G E

- | | | | |
|------------|------------|------------|-----------|
| Corvo | Bubela | Anduriña | Estornión |
| Ferreiriño | Estreliña | Azulenta | |
| Carriza | Bilurico | Escribenta | |
| Paporroibo | Cardeal | Folosa | |
| Gaio | Lavandeira | Curuxa | |

- | | | | |
|------------|--------|----------|------------|
| Picafollas | Merro | Xilgaro | Verdeirolo |
| Pega | Miñato | Moucho | |
| Xirín | Rula | Rousinol | |
| Cirrio | Gabián | Pardal | |
| Papuxa | Pimpín | Peto | |

Con este **Código Qr** podes ver a revista en cor e en formato dixital

Adiviña onde podes atopar moitas máis cousas



Adeus Primaria

QUERIDO CEP CAMPOLONGO:

Este é o meu derradeiro ano contigo. Lembro todos os anos que pasei xunto a ti , todo o que aprendín e todos os amigos que fixen. Acórdome do meu primeiro ano no que cheguei moi emocionada pensando nos mestres que tería, en todos os amigos que ía a facer e a morea de cousas que ía aprender.

Ti ensináchesme moito e sobre todo a ser persoa e facerme unha alumna responsable ao rematar sexto curso, no que me preparei para a longa vida que me queda. Non sei como cho poderei agradecer , pero xa verei.

De aquí en diante, cando me atope triste, acordareime de ti e sacarame un sorriso porque en ti teño as mellores lembranzas. **NUNCA TE OLVIDAREI.**

Unha gran aperta.

Aroa Calonge Fariña. 6 ° A

Adiós mesas , adiós cadeiras
adiós aulas pequenas;
adiós , colexio dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.

Momentos divertidos
e mañáns de traballar
campañas timbradoras
para sempre van timbrar

Meu campo, miña herba,
patio onde eu xoguei,
exposicións da Camelia,
nas que eu participei.

Adiós , gloria! Adiós contento!
deixo o cole onde aprendín
deixo os mestres que coñezo
por un mundo que non vin.

Pedro Ruppen .6 ° A

Lapis, gomas, bolígrafos
tesouras e pegamentos,
alumnos asubiadores
colexio do meu contento.



ANA M^{te} FERNANDES

Que non zamborras, que non capotas, que non andes, que non saques, que non saques, que non saques...

A casa de Rabia unha vez...

Que non saques, que non saques, que non saques...

XANEIRO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

ANA M^{te} FERNANDES

E CHEGA FEBREIRO SOPRANDO NO CORNO DO VENTO

FEBREIRO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

FEBREIRO

AN ALFAYA

MARZO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

MARZO

MURIEL

ABRIL

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

ABRIL

M^{te} Victoria Moreno, unha fada chovida do ceo

MAIO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

MAIO

CONCHA BLANCO

XUÑO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

XUÑO

ROSALÍA

ME DE XUÑO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

ME DE XUÑO

AGOSTO

AGOSTO

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO

Setembro 2018

Setembro 2018

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

Setembro 2018

LOURDES MACERAS

LOURDES MACERAS

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

LOURDES MACERAS

Leticia Costas

Leticia Costas

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

Leticia Costas

MARILAR ALEXANDRE

MARILAR ALEXANDRE

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

MARILAR ALEXANDRE

Leonardo e os fantameiros

Leonardo e os fantameiros

Mar adiante

Mar adiante

Uma historia de amor Pequena biografia de Maria Victoria Moreno

Uma historia de amor
Pequena biografia de Maria Victoria Moreno

Joanna Lorenzo Montero
Ilustracións: Tania Sola

O AMOR E AS PALABRAS

O AMOR E AS PALABRAS

Maria Victoria Moreno

Urco xuvenil

Volta ao Gale!

Volta ao Gale!

DOMINGO	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	31

Volta ao Gale!

NA RUA

NA RUA

Urco xuvenil

Urco xuvenil